



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA NO CONCELLO DE REDONDELA

Artigo 1.- Natureza e feito imponible.

1.- O Imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calqueira que sexan a súa clase e categoría.

2.- Considérase vehículo apto para a circulación o que teña sido matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentras non cause baixa nos mesmos.

Aos efectos deste Imposto considéranse tamén aptos para circular, os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3.- Non están suxeitos a este Imposto os vehículos que tendo sido dados de baixa nos rexistros indicados no apartado anterior por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas aos de esta natureza.

Artigo 2.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos deste Imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, e que teñan ao seu nome o vehículo no correspondente permiso de circulación.

Artigo 3. Exencións e bonificacións.

1. Estarán exentos do Imposto:

1.1) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais, sempre que estén adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

1.2) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado. Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

1.3) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria, que pertencen á Cruz Vermella.

1.4) Os coches de minusválidos a que se refire o número 20 do anexo do Real Decreto Legislativo 339/90, de 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre o tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, e os adaptados para a súa conducción por persoas con discapacidade física, sempre que a súa potencia sexa inferior a 14 ou 17 cabalos fiscais e pertencen a persoas minusválidas ou discapacitadas físicamente, con grado de



minusvalía inferior ao 65 por 100, ou igual ou superior ao 65 por 100, respectivamente. En calquera caso, os suxeitos pasivos beneficiarios desta exención non poderán disfrutala por máis de un vehículo simultaneamente.

Para os efectos do indicado neste apartado considerarase:

- Coche de minusválido: aquel vehículo con tara non superior a 300 kg. e que pola súa construción non pode alcanzar en llano unha velocidade superior a 40 km/hora, proxectado e construído (e non meramente adaptado) para uso dunha persoa con algunha disfunción ou incapacidade física.

- Coche adaptado para a súa conducción: aquel vehículo que, construído en serie, sufrira modificacións ou reformas nalgún dos seus mecanismos tales como acelerador en pe esquerdo, freno de pe en volante, acelerador á altura das mans, etc., para poder ser conducido por minusválidos físicos e figuren as correspondentes modificacións ou reformas no apartado “reformas autorizadas” da ficha técnica do vehículo homologada polo organismo competente.

Así mesmo, considerarase vehículo adaptado aquel que fabricado con aplicación de novas tecnoloxías facilite a súa conducción por persoas diminuídas físicas (como, por exemplo, vehículos automáticos sen pedal de embrague) e sempre que conste esta circunstancia no permiso de conducir do titular do vehículo.

- Persoa con minusvalía ou discapacitada fisicamente: quen teña esa condición legalmente recoñecida en grado igual ou superior ao 33 por 100, consonte ao báremo da disposición adicional segunda da Lei 26/1990, do 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social prestacións non contributivas.

1.5) Os vehículos que, tendo unha potencia inferior a 17 cabalos fiscais, estén destinados a ser utilizados como autoturismos especiais para o transporte de persoas con minusvalía en cadeira de rodas, ben directamente ou previa a súa adaptación; circunstancias que deben constar na ficha técnica do vehículo homologada polo organismo competente.

Aos efectos do disposto neste apartado, consideraranse persoas con minusvalía aquelas que cumpran as condicións indicadas no último párrafo do apartado 1.4.

Para acceder á exención prevista neste apartado será preciso xustificar o cumprimento simultáneo das seguintes condicións:

a) Que o vehículo sexa un autoturismo especial para o transporte en exclusiva de persoas con minusvalía en cadeira de rodas.

b) Que o titular do vehículo non este suxeito ao Imposto sobre actividades económicas por actividade principal ou complementaria relacionada co transporte de persoas ou que, estando suxeito, por estas actividades, resultare exento por aplicación do establecido na Lei 30/1994 de fundación e incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral.

1.6) Os autobuses urbanos adscritos ao servizo de transporte público en réxime de concesión administrativa outorgado polo Concello de Redondela.



1.7) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da Cartilla de Inspección Agrícola.

2. Para poder gozar das exencións ás que fan referencia os apartados 1.4; 1.5 e 1.7 do apartado 1 do presente artigo, os interesados deberán solicitar a súa concesión ao Concello de Redondela indicando as características do vehículo, a súa matrícula e causa do beneficio, aportando a documentación correspondente en función do beneficio solicitado e das condicións indicadas, para cada suposto.

3. Establécense as seguintes bonificacións:

Terán unha bonificación do 100 por 100 da cuota do Imposto (indicada no artigo 4 desta ordenanza) os vehículos catalogados como “históricos” polo organismo competente, e aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos contados a partir da data da súa fabricación; se esta fora descoñecida documentalmente, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante deixara de fabricarse.

Para poder gozar das bonificacións indicadas os interesados deberán solicitar a súa concesión ao Concello de Redondela indicando as características do vehículo e acompañando certificacións acreditativas do seu carácter histórico ou da súa antigüidade mínima de 25 anos segundo o indicado no parágrafo anterior.

4. A concesión de beneficios fiscais, a instancia dos suxeitos pasivos, surtirá efectos para o exercicio seguinte a aquel en que se formulara a súa solicitude.

5. De non recair resolución expresa dentro do prazo no que deban ser resoltas, entenderase desestimadas as peticións de exencións e bonificacións reguladas no presente artigo.

6.- O Concello poderá tramitar de oficio as bonificacións reguladas no apartado 3 deste artigo para os vehículos que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos segundo o indicado no apartado citado.

7.- O efecto de concesión de exencións comeza a partir do exercicio seguinte ao da data de solicitude, e non terá carácter retroactivo.

Sen prexuízo do anterior, cando o beneficio fiscal sexa solicitado antes da firmeza da liquidación, concederase se na data do devengo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu disfrute.

Artigo 4. Cuota

De conformidade co previsto no artigo 95.4 do Real Decreto Legislativo 2 / 2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, as tarifas anuais do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica neste Concello son as seguintes:



Cuota

Potencia e clase de vehículo	Euros
A) Turismos: 5	
A.1. De menos de 8 cabalos fiscais.....	18,00
A.2. De 8 até 11,99 cabalos fiscais.....	52,00
A.3. De 12 até 15,99 cabalos fiscais.....	112,00
A.4. De 16 até 19,99 cabalos fiscais.....	142,00
A.5. De 20 cabalos fiscais en adiante.....	218,00
B) Autobuses:	
B.1. De menos de 21 prazas.....	127,50
B.2. De 21 a 50 prazas.....	185,00
B.3. De máis de 50 prazas.....	232,50
C) Camións:	
C.1. De menos de 1.000 kilogramos de carga útil.....	64,50
C.2. De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil	127,50
C.3. De máis de 2.999 a 9.999 kilogramos de carga útil.....	187,00
C.4. De máis de 9.999 kilogramos de carga útil.....	232,00
D) Tractores:	
D.1. De menos de 16 cabalos fiscais.....	24,00
D.2. De 16 a 25 cabalos fiscais.....	39,50
D.3. De máis de 25 cabalos fiscais.....	120,00
E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:	
E.1. De menos de 1.000 e máis de 750 kilogramos de carga útil.....	26,00
E.2. De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil	42,50
E.3. De máis de 2.999 kilogramos de carga útil	129,50
F) Outros vehículos:	
F.1. Ciclomotores.....	7,50
F.2. Motocicletas até 125 centímetros cúbicos.....	7,50
F.3. Motocicletas de máis de 125 até 250 centímetros cúbicos.....	15,14
F.4. Motocicletas de máis de 250 até 500 centímetros cúbicos.....	30,30
F.5. Motocicletas de máis de 500 até 1.000 centímetros cúbicos.....	60,58
F.6. Motocicletas de máis de 1.000 centímetros cúbicos.....	121,16



CONCELLO DE REDONDELA

Artigo 5.- Período impositivo e devengo

- 1.- O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso o período impositivo comezará o día no que se produza dita adquisición.
- 2.- O Imposto devéngase o primeiro día do período impositivo.
- 3.- O importe da cota do Imposto prorratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa de vehículo.

Artigo 6.- Xestión

1.- A xestión, liquidación, inspección e recadación, así como a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria corresponderalle ao Concello de Redondela para a totalidade de vehículos, sempre que o domicilio que conste no respectivo permiso de circulación esté comprendido dentro deste término municipal.

2.- No caso de primeiras adquisicións dun vehículo ou cando éstos se reformen de maneira que se altere a súa clasificación a efectos do presente Imposto, os suxeitos pasivos presentarán no servizo de Rendas do Concello, no prazo de trinta días a contar dende a data de adquisición ou reforma, declaración por este Imposto, segundo modelo aprobado por este Concello, que conterá os elementos da relación tributaria imprescindibles para a liquidación normal ou complementaria procedente, así como a realización da mesma, á que se acompañará a documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado das súas características técnicas, Documento Nacional de Identidade e número -ou código- de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.

3.- Simultaneamente a presentación da declaración-liquidación indicada no apartado anterior, o suxeito pasivo ingresará o importe da cota do Imposto resultante da mesma.

Esta autoliquidación terá a consideración de liquidación provisoria en tanto que pola oficina xestora non se comprobe que a mesma foi efectuada mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do Imposto.

4.- No caso de transferencia do vehículo os suxeitos pasivos deberán presentar no Servizo de Rendas, documento no que figuren datos relativos a vendedor e comprador a efectos de causar baixa e/ou alta no Imposto. A mesma obriga estarán suxeitos os titulares cando cambien de enderezo.

Artigo 7

1.- Nos casos de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, a recadación dos correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán a totalidade dos vehículos suxeitos ao Imposto e que se atopen inscritos no correspondente Rexistro Público a nome de persoas e Entidades domiciliadas neste término municipal.



CONCELLO DE REDONDELA

2.- O Padrón anual do Imposto exporase ó público polo prazo de quince días, período no que os lexítimos interesados poderán examinalo e, no seu caso, formula-las reclamacións oportunas.

3.- A exposición ao público anunciarase no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Anuncios do Concello, e terá carácter de notificación colectiva ó abeiro do disposto no artigo 124.3 da Lei 230/1963 do 28 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 8

1.- Nos casos de vehículos incluídos nos correspondentes Padróns anuais, o pago das cotas do Imposto realizarase -en período voluntario- durante dous meses; prazo que será establecido pola Alcaldía e anunciado no Boletín Oficial da provincia, así como no Taboleiro de Anuncios do Concello.

2.- O pago do imposto acreditarase mediante recibo tributario ou carta de pago.

Disposición final

Esta ordenanza fiscal, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e aplicarase a partir do día 1 de xaneiro do ano seguinte, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

Publicacións Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:

- BOP número 99, do 25.05.1994
- BOP número 245, do 26.12.2000
- BOP número 241, do 15.12.2003
- BOP número 247, do 27.12.2005
- BOP número 247, do 26.12.2007
- BOP número 249, do 26.12.2008
- BOP número 51, do 16.03.2009